

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 23 de maio de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a corrección de erro na dimensión do predio matriz da licenza número 888/09, outorgada para o parcelamento da parcela situada na urbanización a Campiña-San Salvador de Muxa.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para adecuación interior de edificio para local comercial destinado a actividade de exposición e venda de roupa, no edificio construído coas licenzas números 1333/02, 768/03 e 562/06, sito na rúa Conde Pallares, números 9-11; para reforma parcial en elementos estruturais de edificio, consistente en apertura de ocos e foso para futuro ascensor, modificación da escaleira existente e instalación dunha segunda escaleira no edificio construído coas licenzas números 1333/02, 768/03 e 562/06, sito na rúa Conde Pallares, números 9-11; para cambio de uso das plantas 2ª e 3ª de administrativo a comercial en edificio con licenzas anteriores 1333/02, 768/03 e 562/06, resultando un edificio de uso único comercial, sito en solo urbano, na rúa Conde Pallares, números 10-11 e para instalación de ascensor no edificio sito na rúa San Isidro Labrador, número 24.

Acórdase a denegación de licenza para a instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Miguel de Cervantes, número 58.

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21**

## ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg22.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-5-2012

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva da modificación do “Proxecto de obras ordinarias e complementarias ás de edificio de 16 vivendas, garaxes e L.C. en rúa Armórica, 47-49-51”.

Tamén se acorda a aprobación definitiva do “Proyecto de obras ordinarias de refuerzo de saneamiento en rúa Orquídea para conexión de centro comercial y de ocio Abella”.

### ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga polo prazo dun ano contado dende o 28/05/2012 ata o 27/05/2013 do contrato administrativo asinado coa adxudicataria da contratación do servizo público municipal do centro de día Novo Antonio Gandoy.

Do mesmo xeito, acordase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 25 de febreiro de 2012 ata o 24 de febreiro de 2013 para a actualización do contrato asinado coa empresa encargada do servizo de prestación do servizo de cociña na escola infantil Serra de Outes.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo para o mantemento técnico e dos contidos do portal municipal e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración e implantación dun sistema de virtualización e copia de seguridade do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acordase a aprobación dos proxectos que conforman as actuacións na “Praza de Santo Domingo e adxacentes” que de seguido se numeran, para os efectos de solicitar a cualificación provisional á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas -IGVS-, para o seu cofinanciamento e execución con cargo ao remate da “Fase XI da área de rehabilitación declarada do núcleo histórico de Lugo”: 1.“Iluminación pública nas rúas Xoán Montes e Carteiros”; 2.“Pavimentación e servizos no núcleo histórico. Carril dos Carteiros”; 3. “Creación de itinerarios accesibles no casco histórico. praza Pío XII”; 4. “Creación de itinerarios accesibles no casco histórico. Praza da Soedade” e 5. “Pavimentación no núcleo histórico. Rúa dos Clérigos”.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a ampliación da encomenda de Xestión do Concello de Lugo á Sociedade “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo - Evislusa”, realizada pola Xunta de Goberno Local con data 28 de decembro de 2011, relativa á redacción do proxecto de demolición parcial e legalización do edificio sito en Montero Ríos, número 16, en execución da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 0004706/1991 MJ, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos os actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación dos cinco procedementos de contratación de servizos incluídos no primeiro programa experimental de servizos locais e fomento de emprego, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 16 de maio de 2012.
- Acórdase a resolución definitiva do contrato por incumprimento culpable do contratista no contrato para a subministración de pezas de uniforme e complementarios para a Policía Local.

Lugo, 31 de maio de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García